



**Bases reguladoras da convocatoria subvencións en réxime de concorrencia competitiva ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Boqueixón para o ano 2026.**

Unidade xestora	Departamento de Cultura
Anualidade	2026
Programa	Subvencións a entidades entidades sen ánimo de lucro 2026
Beneficiarios	Entidades sen ánimo de lucro do Concello de Boqueixón
Aplicación orzamentaria	924.48000
Importe da convocatoria	15.000,00 €
Importe máximo da subvención que se outorga	1.000 00 € por entidade
Importe solicitado:	Ata o 100 % do orzamento de gastos subvencionables
Gasto anticipado	Non

**Base 1. Obxecto**

Estas bases teñen por obxecto a regulación do réxime xurídico das subvencións ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Boqueixón para a realización de actividades que complementen ou suplan as atribuídas á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses do municipio.

As subvencións rexeranse polas prescricións contidas nestas bases, na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Boqueixón (BOP número 103 do 29 de maio de 2024), na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, Lei 9/2007 de subvencións de Galicia; nas Bases de Execución do Orzamento municipal do 2026; e nas normas de dereito administrativo que resulten de aplicación.

Para os efectos de salvagarda do dereito dos/das participantes nas distintas convocatorias, ao amparo da ordenanza á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos establecidos pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións outorgadas quedarán incorporados ao Rexistro público de entidades do Concello de Boqueixón.

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

**Base 2. Ámbito temporal**

As actividades obxecto desta convocatoria deben realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.



### **Base 3. Contía das axudas e dispoñibilidade orzamentaria**

Estas axudas finánciáanse con cargo ao Orzamento do exercicio 2026 do Concello de Boqueixón na aplicación orzamentaria 924.480.00, por un importe de 15.000 €.

O importe máximo a percibir por cada entidade será de ata 1.000 euros, podendo acadarse a porcentaxe de financiamento do 100% do custo total da actividade.

A determinación da contía das subvencións estará directamente relacionada coa valoración dos proxectos, non podendo superar o límite antes indicado. Para o caso de que a suma do importe resultante desta valoración e das solicitudes ou concesións doutras axudas por organismos públicos ou entes privados, superara o 100% do custo total do proxecto presentado pola entidade solicitante, o importe da subvención municipal quedaría minorado proporcionalmente.

Cando a valoración e a cantidade resultante da mesma determinen unha axuda superior ao importe solicitado pola entidade, a subvención terá como límite a cantidade solicitada.

### **Base 4. Entidades solicitantes**

Poderán participar na convocatoria as entidades sen ánimo de lucro do Concello de Boqueixón que cumpran os requisitos que se esixen na base 5 no momento de presentar a solicitude.

No suposto de que un grupo de entidades ou unha entidade que integre a outras asociacións solicite subvención para un proxecto, non poderán facelo as asociacións ou entidades que pertencen ás mesmas.

### **Base 5. Requisitos para solicitar**

- 1º Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Boqueixón como entidades sen ánimo de lucro, cos datos actualizados no momento de presentar a solicitude e contar con domicilio social e fiscal neste concello.
- 2º Non incorrer nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública dispostas no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- 3º Acreditar un mínimo de oito (8) socios/as na data de presentación de solicitudes.
- 4º Figurar entre os seus fins estatutarios os coincidentes co obxecto da subvención.
- 5º No caso de entidades ou asociacións que foran beneficiarias de subvencións ou axudas económicas concedidas en anos anteriores polo Concello de Boqueixón, deberán telas debidamente xustificadas e aprobadas polo Concello de Boqueixón, así como non ter aberto ningún procedemento de reintegro das cantidades percibidas por algunha das causas previstas no artigo 37 da lei 38/2003, xeral de subvencións.
- 6º Se no momento de presentar a solicitude non se puidese acreditar este extremo por estar o



Concello tramitando a fase de *xustificación* das subvencións incluídas na anterior convocatoria, incorporárase ao expediente de solicitude informe do Xefe do Servizo sobre este extremo, sen que supoña motivo de exclusión para solicitar.

- 7º As actividades para as que se solicita subvención deberán ser de interese municipal.
- 8º As entidades deberán atoparse ao corrente das súas obrigas coa Facenda Publica, Seguridade Social e co concello, así como no pago de deberes por reintegro de subvencións.
- 9º Cumprir co resto dos requisitos da convocatoria.

## **Base 6. Gastos subvencionables**

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira non dubidosa respondan á natureza da actividade subvencionada, se realicen no prazo establecido, e se axusten aos criterios que figuren expresamente na convocatoria. Enténdese para estes efectos como gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na convocatoria.

Non se consideran gastos subvencionables:

- Os gastos de adquisición de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde, así como os alimentos e bebidas, agás os produtos típicos de celebracións tradicionais gastronómicas e festexos populares.
- Os gastos establecidos no artigo 31.7 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- As actividades suxeitas a un convenio de colaboración co concello.

## **Base 7. Compatibilidades e exclusións**

As subvencións outorgadas serán compatibles con outras subvencións, axudas ou ingresos coa mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a totalidade das axudas non supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

Non poderán optar a estas subvencións as entidades ás que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nin aquelas que teñan solicitado ou recibido calquera outra subvención por parte do Concello de Boqueixón con cargo ao exercicio orzamentario 2026.

Tamén se exclúen aquelas solicitudes de entidades que fagan uso das instalacións deportivas municipais ou obteñan algún outro tipo de contraprestación económica ou material por parte do concello no ano 2026.



## **Base 8. Forma e prazo de solicitude**

As solicitudes e demais documentación presentaranse nos formularios oficiais facilitados polo concello e tramitaranse a través da súa sede electrónica.

O prazo de presentación será dun (1) mes a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Non se admitirán a trámite as solicitudes presentadas fóra do prazo establecido para solicitar. Neste caso e sen máis trámite, ditarase unha resolución pola que se declara o arquivo e que se notificará ao interesado.

Non se admitirá máis dunha solicitude por entidade.

Documentación a achegar:

### **1º Solicitude**

Instancia de solicitude asinada dixitalmente polo representante legal da entidade, na que constará obrigatoriamente unha conta de correo electrónico que identifique á entidade solicitante, para establecer unha vía de comunicación entre a entidade e o concello no que se refire a este proceso.

A variación da conta de correo electrónico durante a tramitación do expediente deberá ser comunicada ao concello.

### **2º Anexo I. Declaración responsable e consulta de datos**

De acordo co establecido no artigo 24 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, xeral de subvencións, e nos supostos que nel se prevén, a presentación de declaracións responsables substituirá á presentación das certificacións acreditativas do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Todas as declaracións responsables e autorizacións que se presenten coa solicitude estenderán a súa vixencia ás distintas fases do procedemento administrativo do expediente.

### **3º Anexo II. Proxecto/memoria da actividade**

Proxecto ou memoria detallada da actividade para a que se solicita a subvención.

### **4º Certificado IBAN de conta bancaria**

Só no caso que non fora presentado en anteriores convocatorias ou se produciran cambios.



**5º Fotocopia dos estatutos e do CIF da entidade**

Só no caso que non foran presentados en anteriores convocatorias ou se modificasen

**6º Certificación de estar ao corrente coas obrigas tributarias ante a Seguridad social, AEAT e ATRIGA**

Só no caso de non autorizar consulta.

No caso de documentos e informacións esixidos na convocatoria que estiveran en poder do concello, os solicitantes poderán acollerse ao establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sempre que se faga constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentadas, ou no seu caso, emitidos.

Se algún documento oficial non puidera recoller toda a información solicitada, atendendo á extensión da mesma, esta figurará nun documento aportado pola entidade como *Anexo ao doc. N.º*.

## **Base 9. Obrigas das entidades beneficiarias**

Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións as seguintes:

- 1ª Realizar as actividades incluídas no proxecto e cumprir co obxectivo das actividades obxecto da subvención.
- 2ª Cumprir cos requisitos establecidos nas bases da convocatorias.
- 3ª Xustificar o cumprimento da finalidade da actividade obxecto da concesión da subvención.
- 4ª Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e aportar a información e documentación que lle sexa requirida.
- 5ª Comunicar ao órgano concedente a solicitude e obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Dita comunicación realízase tan pronto como se coñeza, e en todo caso no momento da xustificación da aplicación dos fondos percibidos.
- 6ª Non modificar a programación das actividades sen coñecemento e autorización expresa da Comisión Avaliadora.
- 7ª Facer constar a colaboración do concello de Boqueixón en toda a publicidade que se fixera das actividades subvencionadas (impresa, informática, audiovisual e na páxina web da entidade se a tivera).
- 8ª Os beneficiarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberán dar publicidade das subvencións e axudas percibidas nos termos e condicións establecidos na citada Lei.
- 9ª Utilizar formas de pago a terceiros que poidan ser acreditadas mediante un documento expe-



dido por entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón, etcétera) no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago. O pago en metálico non se admitirá como gasto subvencionable.

- 10<sup>a</sup> Realizar as actividades no período establecido na convocatoria e o pago efectivo dos gastos ocasionados polas actividades subvencionadas con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado en cada convocatoria.

## **Base 10. Procedemento de concesión e pago**

Esta convocatoria tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realice mediante a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre estas, de acordo cos criterios de valoración previamente fixados, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obteñan maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Exceptuarase a obriga de facer a valoración e asignación de puntos de cada solicitude cando o crédito consignado sexa suficiente para atender a todas as solicitudes que reúnan os requisitos.

O procedemento de concesión destas subvencións iniciarase de oficio e deberá incluír necesariamente os seguintes trámites:

- Convocatoria pública mediante acordo da Xunta de Goberno Local, axustada ao previsto na lexislación en materia de subvencións, que incluírá as bases específicas nas que se consignarán os créditos orzamentarios aos que se imputan as subvencións.
- Publicación da convocatoria a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, que operará como Sistema Nacional de publicidade das subvencións.
- Presentación das solicitudes no modelo oficial.
- Rematado o prazo de presentación, procederase á formación do expediente de cada solicitude de subvención, comprobando os documentos presentados (parte administrativa), así como o contido dos mesmos (parte técnica).
- No caso de que a solicitude e documentos que acompañan non se realizase no modelo oficial entregado ao efecto, ou de que a documentación achegada fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez (10) días hábiles para a súa emenda, requiríndoselle ao solicitante para que repare os defectos observados, quedando apercebido que de non facelo así, terase por desistido e arquivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A persoa ou entidade que non cumpra cos requisitos esixidos para a solicitude da subvención da presentación daquela non poderá optar á mesma, notificándose a resolución de arquivo do expediente.



- A cada expediente incorporárase un informe de avaliación provisional realizado polo persoal técnico correspondente.
- Os expedientes que reúnan as condicións para continuar coa súa tramitación, serán informados expresando a relación de solicitantes para os que se propón a concesión ou denegación da subvención, a súa contía, causas de denegación, así como o importe que deberá ser xustificado. Ese informe terá a consideración de proposta de resolución ou acordo que se elevará ao órgano competente para resolver.
- Resolución do órgano competente aprobando ou denegando a concesión de subvencións, que deberá notificarse aos beneficiarios no prazo de dez (10) días hábiles dende que se adopte o acordo.
- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento no poderá exceder de seis meses, período que se computará a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes. O silencio da Administración terá carácter desestimatorio.
- Aceptación por parte dos beneficiarios nun prazo de dez días (10) hábiles dende a notificación da resolución. Transcorrido este prazo, sen que se produza manifestación algunha expresa entenderase tacitamente aceptada.
- Publicidade das subvencións concedidas, nos casos que proceda e, en todo caso, na páxina web e taboleiros de edictos do Concello, ou aqueles outros establecidos por Lei, remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) a información sobre as subvencións concedidas.

## Base 11. Valoración das solicitudes

Cando o crédito consignado sexa suficiente para atender a todas as solicitudes que reúnan os requisitos exceptuarase a obriga de facer a valoración e asignación de puntos de cada unha.

En caso contrario aplicaranse os seguintes criterios de valoración:

	Descrición dos criterios de valoración	Puntos (máximo 50)	
1	Dimensión e eficacia social: n.º de socios/socias na data de solicitude	Entre 20 e 40	5
		Máis de 40	10
2	Continuidade do proxecto, programa ou actividade	Entre 3 e 5 anos	5
		Máis de 5 anos	10
3	Nº de actividades que se van desenvolver co proxecto presentado (deberá xustificarse a súa realización para os efectos da aprobación da conta xustificativa)	Entre 2 e 5 actividades	5
		Máis de 5	10
4	Porcentaxe de cofinanciamento por medio de fondos propios e outras axudas ou ingresos.	Entre 50 e o 70 %	5
		Mayor de 70%	10
5	Coordinación con outras entidades: citar entidades	Cunha entidade	5
		Con máis dunha	10



### **Base 12. Reformulación das solicitudes**

Unha vez notificada a concesión da subvención e dentro do prazo outorgado de aceptación, se a cantidade concedida é inferior á solicitada, a entidade poderá reformular a súa solicitude, despois de aceptar as condicións referidas na proposta, debendo achegar o proxecto adaptado co novo orzamento, respectando o obxecto, condicións e finalidade da subvención.

A nova solicitude remitirase aos servizos técnicos competentes para nova proposta de resolución e será obxecto de resolución polo mesmo órgano que ditou a resolución inicial de concesión.

### **Base 13. Xustificación, prazos de presentación e pago.**

A entidade beneficiaria estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos conforme aos seguintes prazos:

<b>Periodo de realización do proxecto</b>	<b>Prazo de xustificación</b>
Entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2026	Límite o 15.11.2026
Entre o 1 de novembro e o 31 de decembro de 2026	Límite o 20.01.2027

O importe a xustificar será o total do proxecto ou acción subvencionada. No caso de que a xustificación presentada non acade o 100 % do proxecto adxudicado, a subvención reducirase proporcionalmente. O importe a imputar na xustificación será o total da subvención concedida.

Documentación a achegar :

Os modelos xerais serán os elaborados e facilitados polo Concello de Boqueixón.

Á instancia de presentación da xustificación da subvención concedida achegarase a conta xustificativa que incluíra a seguinte documentación:

- 1º Anexo III. Declaración responsable e consulta de datos**
- 2º Anexo IV. Memoria económica xustificativa**

A entidade beneficiaria presentará unha relación clasificada dos gastos da actividade realizada, con identificación do emisor da factura, n.º de factura, data de emisión, concepto, importe, data e forma de pago.

As facturas terán que ser detalladas e incluír, suficientemente identificados, os conceptos e importes correspondentes ás actuacións obxecto de axuda. Os conceptos que figuren nas facturas terán que coincidir cos aprobados na concesión das axudas, é dicir, teñen que relacionarse inequivocamente coas actuación descritas na memoria e orzamento presentado e aprobado.



Asi mesmo, os xustificantes de pago serán claramente identificables e relacionables coas facturas achegadas.

Non se admitirá como xustificación facturas ou pagos que non respondan a estes requirimentos.

Considerarase realizado o pago ou gasto correspondente canto fose satisfeito con anterioridade ao prazo de xustificación establecido, non aceptándose pagos en metálico. Se a forma de pago é unha transferencia bancaria, xustificarse mediante copia do resguardo do cargo da mesma, debendo figura no concepto da transferencia o número de factura o, en defecto deste, o concepto abonado. En todos os xustificantes de pago que se acheguen, o beneficiario ten que quedar claramente identificado como emisor do pago, ben directamente ou pola entidade financeira no seu nome. No caso de non aparecer o emisor do pago no xustificante, aportarase acreditación da entidade bancaria que conteña información sobre o emisor do pago, destinatario do pago, data e importe.

### **3º Anexo V. Memoria da actuación realizada**

A memoria técnica incluirá:

- Actividades ou programas desenvolvidos, con expresión de calendario e lugar de execución.
- Obxectivos ou resultados acadados, características, estrutura e metodoloxía da actuación ou programa.
- Recursos humanos relacionados coa actividade ou programa: profesionais asalariados, voluntariado, etcétera.
- Memoria fotográfica das actuacións obxecto de subvención.

Se algún documento oficial non puidera recoller toda a información solicitada, atendendo á extensión da mesma, esta figurará nun documento aportado pola entidade como *Anexo ao doc. N.º*Xustificación

### **4º Facturas e xustificantes de pago que deberán reunir os seguintes requisitos:**

- Os conceptos dos gastos serán obrigatoriamente os que foran motivo da subvención.
- O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
- Deberán expresar con detalle os bens e servizos adquiridos, base imponible, tipo do IVE aplicado e o seu importe, tipo do IRPF e o seu importe, calquera outro imposto ao que estivera suxeito o provedor, e o total resultante da factura.
- Cumprir cos requisitos esixidos pola normativa vixente en materia de facturación.



**5º Acreditación da publicidade**

Un exemplar da publicidade realizada das actividades subvencionadas, (impresa, informática, audiovisual ou na súa páxina web se a tivera, etcétera).

Os beneficiarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberán presentar xustificación do cumprimento da obriga de dar publicidade das subvencións e axudas percibidas nos termos e condicións establecidos na citada Lei.

**6º Certificación de estar ao corrente coas obrigas tributarias ante a Seguridad social, AEAT e ATRIGA**

Só no caso de non autorizar consulta e non estar vixente o presentado con anterioridade).

**7º Calquera outra documentación que lle sexa requirida para a acreditar o cumprimento do fin da subvención.**

**Forma e prazo de presentación da conta xustificativa**

A entidade terá que aprobar a conta xustificativa para o que se requirirá a sinatura electrónica do presidente, do secretario e do tesoureiro da entidade. Toda a documentación presentarse na sede electrónica do concello, dentro do prazo de xustificación da subvención indicado anteriormente.

Non se realizará máis que 1 requerimento de emenda da conta xustificativa achegada; a non corrección ou a corrección defectuosa conlevará a perda do dereito ao cobro da subvención.

**Pago**

O pagamento da subvención realizarase despois da resolución do órgano competente de aprobación da conta xustificativa presentada nos termos da normativa reguladora da subvención e deberá notificarse aos beneficiarios no prazo de dez (10) días hábiles dende que se adopte o acordo.

O pagamento da subvención farase mediante transferencia á conta bancaria reflectida na solicitude, que terá que ser de titularidade da entidade beneficiaria da subvención.

**Base 14. Órgano competente para a instrución e resolución do procedemento**

A convocatoria será tramitada polo Departamento de Cultura do Concello que terá o carácter de órgano xestor para os efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.

O órgano competente para a resolución do procedemento é a Xunta de Goberno Local.



### **Base 15. Causas de invalidez da resolución de concesión, reintegro e procedemento**

Son causas da resolución de concesión da subvención as contempladas no artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 36 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 32 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

Son causas de anulabilidade da resolución de concesión as demais infraccións do ordenamento xurídico e, en especial, das regras contidas na normativa legal reguladora das subvencións.

A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación, a renuncia da beneficiaria, e nos demais supostos de incumprimento por parte da beneficiaria, levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora dende o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, na contía legalmente establecida, e coa tramitación previa do expediente, nos supostos referidos nos puntos anteriores, e nos seguintes:

- Incumprimento da obriga de xustificar no prazo e termos que se establecen.
- Cando a xustificación parcial do gasto non acade o 50 % do importe a xustificar.
- Cando a xustificación parcial do gasto supere o 50% do importe a xustificar, reintegrarase a parte proporcional da cantidade deixada de xustificar, sempre e cando existan motivos dabondo que xustifiquen que non executándose a totalidade do proxecto subvencionado, a actividade resultante desenvolvida foi de interese e aproveitamento por parte dos participantes, acadándose resultados satisfactorios. En caso contrario procederá o reintegro da totalidade do importe concedido.
- Obtención da subvención sen reunir ou deixando de reunir os requisitos establecidos (falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impidiran).
- Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi outorgada.
- Incumprimento das condicións impostas ás entidades colaboradoras e beneficiarias con motivo da concesión da subvención.
- Negativa do beneficiario ás actuacións de control establecidas polo Concello para comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 4 do artigo 18 da Lei 38/2003.
- Incumprimento das obrigas impostas polo Concello aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de eles se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos



percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais ou doutros distintos dos anteriores.

A resolución pola que se esixa o reintegro ditarase polo órgano competente para a concesión, seguindo o procedemento establecido no artigo 42 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, e no 37 e seguintes da Lei 9/2007 de Subvención de Galicia.

#### **Base 16. Infraccións e sancións e réxime sancionador**

Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Boqueixón e nos artigos 50 a 68 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, en canto non contradigan o disposto para estes efectos nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

A imposición da sanción será independente da obriga de reintegro da cantidade indebidamente recibida, e o órgano competente para impoñer sancións será o Alcalde.

De acordo co establecido no art. 63.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, non se sancionarán as infraccións recollidas nos parágrafos b) e d) do art. 58 cando os infractores reintegraran as cantidades e os correspondentes intereses de demora sen previo requirimento.

#### **Base 17. Resolución e recursos**

A Xunta de Goberno Local ou o órgano ao que atribúa esta competencia as Bases de execución do orzamento acordará a concesión ou denegación das subvencións, a proposta do órgano instrutor, co informe previo dos servizos técnicos municipais e a fiscalización da Secretaría-Intervención, segundo o procedemento establecido na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve, na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, conforme o establecido nos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que por razón da materia e do territorio resulte competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte da notificación do acordo.



### **Base 18. Control financeiro do concello e dos órganos de control externo.**

Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a asociación poderá ser escollida pola Secretaría-Intervención para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron outorgados, a correcta financiación da actividade e o cumprimento de todos os demais deberes formais e materiais que lle impón este convenio de colaboración.

Igualmente, conforme ao disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a asociación queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, aos procedementos de axuízamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas e calquera outro órgano de control, nacional ou europeo

### **Base 19. Protección de datos persoais.**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Boqueixón coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### **Base 20. Disposición final**

En todo o non previsto nestas bases, aplicarase o disposto nas Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Boqueixón, nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Boqueixón e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 do 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de subvencións Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

ANEXOS



Procedemento	Documento
Subvencións a entidades sen ánimo de lucro 2026	Solicitud

#### DATOS DA ENTIDADE

Solicitante:	
CIF	
Enderezo:	
Teléfono:	
Correo electrónico:	
Nº Inscripción Rexistro Asociacións Xunta de Galicia:	
Nº de persoas asociadas na data actual	

#### DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE LEGAL

Nome e apelidos	
NIF	
Enderezo:	
Teléfono:	
Correo electrónico:	
Cargo que ocupa:	

#### SUBVENCIÓN QUE SE SOLICITA

Denominación da actividade ou proxecto:	
Importe solicitado:	
Porcentaxe de cofinanciamento (fondos propios e outras achegas):	

#### DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

<input type="checkbox"/>	ANEXO I Declaración responsable (No caso de que o importe solicitado exceda dos 3.000 euros, deberán achegarse certificados de estar ao corrente coa a Axencia Estatal de Administración tributaria (AEAT), Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e coa Seguridade Social)
<input type="checkbox"/>	ANEXO II Proxecto/memoria de actividades.
<input type="checkbox"/>	Certificado IBAN de conta bancaria. (excepto si foi presentado en convocatorias anteriores e non sufríu variación).
<input type="checkbox"/>	Fotocopia dos estatutos e CIF da entidade (excepto si foi presentado en convocatorias anteriores)
<input type="checkbox"/>	Certificación de estar ao corrente coas obrigas tributarias (Seguridade social, AEAT, ATRIGA). Só no caso de non autorizar consulta

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a esta solicitude ou a non presentación da documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas ás que houbese lugar, de acordo co artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Boqueixón, na data da sinatura dixital



**Anexo I.**

**Declaración responsable e autorizacións**

Don/Dona \_\_\_\_\_ NIF \_\_\_\_\_  
presidente/a da \_\_\_\_\_ CIF \_\_\_\_\_

**DECLARO que a entidade que presido:**

- Que cumpre cos requisitos esixidos para obter a condición de beneficiaria previstos no artigo 13 da Lei 38/2033, do 17 de novembro, xeral de subvencións e que non é debedora por resolución de procedencia de reintegro ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos termos do artigo 21 do Regulamento xeral de subvencións.
- Que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e coa Seguridade Social e
- Autoriza ao Concello de Boqueixón, a levar a cabo, ante a Seguridade Social, as comprobacións telemáticas necesarias para verificar que a entidade que represento está ao corrente das súas obrigacións coa Seguridade Social, co fin de tramitar o procedemento de solicitude de subvención, así como o seu posterior seguimento e control.
- Autoriza ao Concello de Boqueixón a levar a cabo, ante as Administracións Tributarias correspondentes, as comprobacións telemáticas necesarias para verificar que a entidade que represento está ao corrente das súas obrigas tributarias, co fin de tramitar o procedemento de solicitude de subvención, así como o seu posterior seguimento e control.

No caso de NON AUTORIZAR deberá acreditar mediante os certificados correspondentes destes organismos.

Boqueixón na data da sinatura dixital

Asdo.



## Anexo II

### Proxecto/actividade

<b>Denominación:</b>	
<b>Datas previstas de realización</b>	
<b>Descrición do proxecto/actividades previstas.</b>	Nº de actividades que se van desenvolver: Descrición de cada unha
<b>Obxectivos:</b>	
<b>Beneficiarios/as directos/as e indirectos/as (persoas destinatarias do proxecto/actividade)</b>	
<b>Visibilidade do proxecto/actividade e medios de difusión</b>	
<b>Continuidade do proxecto/actividade</b>	<b>Nº de anos de traxectoria:</b>
<b>Coordinación con outras entidades</b>	<input type="checkbox"/> SI (citar entidades e aportar programación conxunta) <input type="checkbox"/> NON

### Orzamento-Previsión de ingresos e gastos

<b>Concepto de ingresos</b>	<b>Ingresos</b>
Cotas socios	
Outros cobros (usuarios, patrocinios)	
Subvencións doutras administracións para a mesma finalidade (citar)	
<b>TOTAL</b>	
<b>Concepto de gastos</b>	<b>Gastos</b>
Facturas (detallar conceptos)	
Nóminas	
Outros gastos (seguros, taxas directamente vinculadas á actividade, etcétera)	
<b>TOTAL</b>	

Boqueixón na data da sinatura electrónica

Asdo.



<b>Procedemento</b>	<b>Documento</b>
<b>Subvencións a entidades sen ánimo de lucro 2026</b>	<b>Xustificación</b>

#### DATOS DA ENTIDADE

Solicitante:	
CIF	
Enderezo:	
Teléfono:	
Correo electrónico:	

#### DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE LEGAL

Nome e apelidos	
NIF	
Enderezo:	
Teléfono:	
Correo electrónico:	
Cargo que ocupa:	

#### SUBVENCIÓN QUE SE XUSTIFICA

Denominación da actividade ou proxecto:	
Importe outorgado:	

#### DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

<input type="checkbox"/>	ANEXO III Declaración responsable
<input type="checkbox"/>	ANEXO IV Memoria económica
<input type="checkbox"/>	ANEXO V Memoria xustificativa da actividade subvencionada
<input type="checkbox"/>	Documentos xustificativos dos gastos (facturas, xustificantes do pagamento, nóminas, etcétera)
<input type="checkbox"/>	Acreditación da publicidade
<input type="checkbox"/>	Certificación de estar ao corrente coas obrigas tributarias (Seguridad social, AEAT, ATRIGA). Só no caso de non autorizar consulta e non estar vixente o presentado con anterioridade

Boqueixón na data da sinatura electrónica



### Anexo III

#### Declaración responsable

Don/Dona \_\_\_\_\_ NIF \_\_\_\_\_ en  
calidade de presidente/a da asociación \_\_\_\_\_  
con CIF \_\_\_\_\_

DECLARO que a entidade que presido:

**UN.** Cumpriu coa finalidade da subvención mediante a realización da actividade para a que lle foi outorgada

**DOUS.** Que se atopa ao corrente da súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e coa Seguridade Social).

**TRES.** Que en relación á xustificación declárase o seguinte total de ingresos e gastos da actividade subvencionada:

Concepto	Ingresos
Cotas socios	
Outros cobros (usuarios, patrocinios)	
Subvencións doutras administracións para a mesma actividade (citar)	
<b>TOTAL</b>	

(No suposto de obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada con posterioridade, procederá á súa comunicación ao concello no momento en que se coñeza).

Concepto	Gastos
Facturas	
Nóminas	
Outros gastos (seguros, taxas, etcétera, directamente vinculadas á actividade)	
<b>TOTAL</b>	

(Os gastos constan desagregados no Anexo IV. O total de gastos deste apartado debe coincidir co total do importe imputable do Anexo IV)

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, ou a non presentación da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas ás que houberse lugar, de acordo co artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### Asinado electronicamente



## Anexo IV

### Memoria económica

Provedor ou emisor	NIF	Nº Doc	Data doc	Concepto	Importe da factura	Importe imputable	Data de pago	Forma de pago
TOTAL								

Declaro de xeito responsable que os importes abonados en concepto de IVE  NON/  SI son recuperables pola entidade (no caso de que o IVE sexa deducible non é un gasto subvencionable)

- Deberán achegarse todos os xustificantes acreditativos dos gastos incluídos nesta relación así como os xustificantes de pago no caso de pago mediante transferencia.
- Non se admitirán pagos en efectivo por importe superior ao fixado pola Lei 7/2012 do 29 de outubro de Prevención de fraude fiscal ou normativa que a substitúa (actualmente fixado en 1.000 euros)

### Gastos de persoal (no seu caso)

- Nómina

Nome e apelidos da persoa empregada	NIF	Mes	Importe bruto nómina (A)	Importe da Seguridade Social a cargo da empresa (B)	Gasto total (A+B)	Data pago nómina	Data pago modelo 111	Data pago seguros sociais
TOTAL								

- Deberán achegarse:
  - Os recibos de nóminas e xustificantes de pago á persoa empregada
  - Os documentos RNT, RLC e xustificantes de pagamento á seguridade social.
  - Modelo 111 e xustificante de pagamento AEAT.



Asinado electronicamente

## Anexo V

### Memoria xustificativa da actividade subvencionada

<b>Denominación do proxecto:</b>	
<b>Lugar e datas de realización:</b>	
<b>Descrición do proxecto/actividades realizadas.</b>	
<b>Obxectivos acadados:</b>	
<b>Beneficiarios/as directos/as:</b>	
<b>Recursos humanos e materiais</b>	
<b>Acreditación da visibilidade ao proxecto/actividade e medios de difusión</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Achegar fotografías acreditativas da realización da actividade</li><li>▪ Achegar fotografías da inclusión en material publicitario ou de difusión o logo do Concello de Boqueixón, indicando claramente a súa participación no financiamento da actividade. Así mesmo, calquera información nos medios de comunicación (presa escrita, radio, internet, boletíns ou notas internas do club, entidade, asociación no caso de existir, etcétera) que aludira á colaboración do Concello de Boqueixón.</li></ul>

Asinado electronicamente